

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

MEMORIA ANUAL 2016





ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARINHAS-BETANZOS

BENVIDA A ESTA MEMORIA! Carta do Presidente.....	4-5
A ASOCIACIÓN NUNHA OLLADA.....	6
1. ASÍ SOMOS, COÑÉCENOS.....	7
2. ASÍ TRABALLAMOS.....	15
2.1. IMPACTO ECONÓMICO: Impulsamos a economía local.....	19
2.2. IMPACTO AMBIENTAL: Coidamos a contorna.....	19
2.3. IMPACTO SOCIAL: Contribuímos a un mundo mellor.....	20
3. ASÍ CUIDAMOS E VALORIZAMOS O NOSO TERRITORIO.....	21
3.1. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN, COOPERACIÓN E PARTICIPACIÓN.....	24
3.2. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO.....	32
3.3. SUSTENTABILIDADE DO MEDIO RURAL E DO MEDIO MARIÑO, PRODUCIÓNS E SERVIZOS.....	34
3.4. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES.....	39
3.5. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS.....	42
4. RESULTADOS ECONÓMICOS.....	45
5. ESPERAMOS AS TÚAS SUXESTIÓNS.....	49

Desde o noso nacemento como asociación, no ano 2008, e constitución como Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) traballamos duro por converternos no **núcleo de integración e representación** dos diferentes axentes interesados en **promover o desenvolvemento do territorio das Mariñas-Betanzos**. Ao longo dos nosos, case dez anos de vida, puxemos en marcha diferentes proxectos co **obxectivo de mellorar as condicións de vida e de traballo no noso rural**.

Co recoñecemento das Mariñas Coruñesas como Reserva de Biosfera no ano 2013, ábrese un novo abano de oportunidades para a mellora da nosa contorna. A asociación, como entidade xestora e impulsora desta candidatura, conseguiu situar ao territorio **“Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”** no mapa mundial, **dar prestixio** ao territorio, ás súas empresas e aos seus produtos, e creando **marcas de calidade**, que axuden a impulsar **as actividades económicas tradicionais**, incentivar **o turismo sustentable** ou mellorar **a conservación ambiental** con estratexias de **información sobre o noso patrimonio natural**, entre outras.

Neste ano, por primeira vez, decidimos dar un paso máis no noso compromiso co territorio e elaboramos a nosa memoria de actividades cun enfoque baseado nos **criterios de sustentabilidade** definidos en modelos de estándares internacionais, como o *Global Reporting Initiative*. Sendo conscientes de que temos que avanzar na aplicación das ferramentas que nos facilitan estes estándares, queremos iniciar a andaina para conseguir un maior exercicio de transparencia na información que poñemos a disposición dos nosos grupos de interese.

Temos xa a vista posta no ano 2018, cando a nosa Asociación cumprirá **10 anos de actividade** e se celebran, ademais, os **50 anos da Conferencia sobre a Conservación e o Uso Racional dos Recursos da Biosfera da UNESCO**, onde se acordou a posta en marcha do **Programa sobre o Home e a Biosfera (MaB)**, que busca establecer as bases científicas para cimentar a longo prazo a mellora das relacións entre persoas e medio ambiente. Tentaremos de organizar o día mundial das Reservas de Biosfera no noso aniversario deste ano 2018. Por iso, traballaremos por conseguir os obxectivos marcados no Plan de Xestión (2013 – 2022) da Reserva de Biosfera, co enfoque da responsabilidade social no noso modelo de xestión.

Agradezo a todas as persoas que se achegan a ler este documento, agardando as súas achegas e aportacións para que a Asociación poda seguir sumando esforzos para converter a nosa Reserva de Biosfera un lugar mellor.

José A. Santiso Miramontes
Presidente da Asociación Mariñas-Betanzos

Reserva de Biosfera Mariñas
Coruñesas e Terras do Mandeo

A ASOCIACIÓN NUNHA OLLADA

123 ENTIDADES asociadas

9 persoas traballadoras

17 concellos participantes na Asociación

116.724 ha onde promovemos un desenvolvemento sustentable

+ 190.700 persoas habitan no noso ámbito de actuación

415 alumnas e alumnos nas formacións que programamos

624 persoas asistiron ás xornadas técnicas que organizamos

6.040 persoas participaron nas actividades que levamos a cabo

622 árbores plantadas

+ 3.900 persoas forman parte da nosa comunidade virtual

Un equipo excepcional de colaboradores



1. ASÍ SOMOS, COÑÉCENOS



A **Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”** constitúese no mes de xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural. A Asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Curtis, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

A NOSA VISIÓN

A valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partires do noso patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social.

A NOSA MISIÓN

Converternos no núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral do territorio de actuación

OS NOSOS PRINCIPIOS

Como entidade integrante da economía social, rexémonos por unha serie de principios de actuación:

Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa.

Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sustentable, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral.

Promoción da solidariedade interna e coa sociedade

que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

Independencia respecto dos poderes públicos.

O **compromiso co territorio**, fronte ao despoboamento e ao envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.

O **fortalecemento da democracia institucional e económica.**



DESCOBRE A NOSA HISTORIA



2008

Constitución da asociación

Xestión do programa LEADER 2007-2013



2013

*Declaración da Reserva de Biosfera
“Mariñas Coruñesas – Terras do Mandeo”*



2016

Xestión do programa LEADER 2014-2020

O NOSO MODELO ORGANIZATIVO.

A **Asemblea Xeral** é o máximo órgano de decisión da Asociación, integrada por todas as entidades que forman parte dela. Estas entidades están organizadas en 10 mesas sectoriais, onde se pon en común a problemática do sector que representan coa finalidade de establecer posibles actuacións de mellora, canalizando á **Xunta Directiva** aquelas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que o sector considere.

MESAS SECTORIAIS

Mesa das administracións públicas e sector público.

Mesa do sector institucional

Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira.

Mesa de asociacións de mulleres.

Mesa de asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños e ANPAS.

Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos.

Mesa do sector de turismo e hostalería.

Mesa de asociacións de empresariado multisectorial, asociacións profesionais e artesanía.

Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral.

Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD.

A Xunta Directiva da Asociación está formada polos representantes das entidades asociadas organizadas.

José A. Santiso Miramontes (Presidente/a)

Cesar Longo Queijo (Vicepresidente)

Catalina Rodríguez Rodríguez (Secretaria. Mesa asociacións de mulleres)

Aida Pérez Barredo (Tesoureira. Mesa asociacións de empresariado)

Carlos Vales Vázquez (Vogal. Mesa sector institucional)

Patricia Amado Varela (Vogal. Mesa administracións públicas)

Alejandra Pérez Máquez (Vogal. Mesa administracións públicas)

Francisco Quintela Requeijo (Vogal. Mesa administracións públicas)

Antonio Ángel Fraga Sánchez (Vogal. Mesa administracións públicas)

Rodrigo López Piquín (Vogal. Mesa administracións públicas)

Xosé Lois Suárez Becerra (Vogal. Mesa administracións públicas)

José Domiro Garrote Martín (Vogal. Mesa da pesca)

Antonio Buyo Mosquera (Vogal. Mesa do sector agrario e forestal)

Benito García Sánchez (Vogal. Mesa do sector agrario e forestal)

Sabela Pérez Iglesias (Vogal. Mesa das asociacións culturais)

José Francisco Castro Vilariño (Vogal. Mesa das asociacións culturais)

Andrés Rodríguez Pereira (Vogal. Mesa de asociacións medioambientais)

Juan Manuel Neira Fernández (Vogal. Mesa de asociacións medioambientais)

José Soto Martínez (Vogal. Mesa do sector do turismo)

Eulogio López Río (Vogal. Mesa de colectivos de interese social)

María Teresa Tiemblo Marsal (Vogal. Mesa de colectivos de interese social)

Un **29%** das persoas da Xunta Directiva son mulleres, fronte ao **71%** de homes.

Un **39%** das persoas son representantes das administración públicas, un **48%** representantes de todo tipo de asociacións (sectoriais, culturais, de veciños, de mulleres...), un **10%** representantes de colectivos de persoas con discapacidade e un **1%** de representante de organismos institucionais non administracións.

A NOSA ESTRUTURA

A nosa estrutura de traballo basease nun modelo participativo onde se traballa por proxectos, distribuíndo as tarefas en torno aos proxectos chave que abarcan a toda a asociación, cunha xerencia e un equipo técnico, que da contas á xunta directiva e ao seu presidente.

Jorge M. Blanco Ballón. Xerencia

Diego Miranda Barrós. Técnico Emprendemento

Miguel Fernández Pardo. Técnico Innovación Agroforestal

Diego López Pedreira (Consorcio As Mariñas). Técnico ambiental


Manuel Giménez Solla. Técnico Innovación Agroforestal

Lucía Candal Gándara. Técnico apoio sector agroalimentario

Concepción Bonome González. Técnico Proxectos

Xoana González Ruiz. Técnico deseño ferramentas web

Ignacio García Presedo. Técnico Innovación Agroforestal



O noso traballo basease na **metodoloxía LEADER** centrada en tres pilares básicos: o territorio e os seus recursos, a estratexia local e a participación da poboación e en 7 principios:

1. *Enfoque ascendente.*
2. *Estratexia territorial de desenvolvemento adaptada á nosa realidade.*
3. *Principio de colaboración público-privada*
4. *Actuacións integradas e multisectoriais.*
5. *Animación e impulso á innovación.*
6. *Cooperación dentro do territorio e con outros territorios.*
7. *Conexión en redes.*

AS NOSAS PERSOAS

As mulleres e homes que traballan na Asociación son o noso principal activo. No ano 2016 contamos cun equipo de **nove persoas**, todas elas da comarca o que reforza o **noso compromiso co talento local**. O noso cadro de persoal está vinculado á Asociación en base a contratos de obra e servizo.

IGUALDADE:

O **44%** do noso equipo de traballo son mulleres.

Non existen diferencias salariais para mulleres e homes que desenvolven o mesmo posto de traballo

CONCILIACIÓN:

Flexibilización de horarios para permitir ás persoas conciliar a súa vida laboral, persoal e profesional.

A Asociación conta cun espazo acondicionado para facilitar ao cadro de persoal a posibilidade de comer no espazo de traballo.

FORMACIÓN:

A **formación é fundamental para o noso crecemento como Asociación**. Por iso, en 2016, un **33% do cadro de persoal** formouse en diferentes habilidades como a xestión da responsabilidade social, asesoramento de áreas rurais, marcas de garantía e certificación de orixe, etc. Cun total de **72 h de formación**, unha media de **24 horas por persoa**.

Entre as actividades de formación cómpre salientar a **asistencia ao IV Congreso Mundial das Reservas de Biosfera (Perú)**, onde debatemos entre todas as persoas os puntos que deberían incluírse no novo Plan de Acción da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (2016 – 2025).

Participamos tamén no **XII Congreso da Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica**, celebrado en Lugo en setembro de 2016 e onde, ademais de participar como asistentes, tivemos a oportunidade de contar o traballo que desenvolvemos.

AS ENTIDADES ASOCIADAS

A nosa asociación está conformada por colectivos, asociacións e entidades da economía social tales como cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. En total contamos con **123 organizacións**. Durante o 2016 procedemos a actualizar o noso censo de asociados, cun total de **6 altas e 12 baixas**.

2. ASÍ TRABALLAMOS



A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (MCeTM) céntrase en fomentar o **aproveitamento sostible** dos recursos endóxenos, así como a conservación do patrimonio natural e cultural que identifica a este territorio, permitindo a mellora da calidade de vida da poboación local.

Para conseguilo, desde a Asociación impulsamos a definición do [Plan de Xestión da Reserva de Biosfera MCeTM \(2013-2017\)](#) que é a folla de ruta do noso modelo de actuación.

Este plan é a ferramenta para o desenvolvemento sustentable da Reserva de Biosfera. Estrutúrase en cinco liñas de acción:

- A. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN E COOPERACIÓN.**
- B. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO.**
- C. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL E DO MEDIO MARIÑO, PRODUCCIÓN E SERVIZOS.**
- D. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES.**
- E. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS.**

Para a execución das diferentes accións, temos en conta a perspectiva dos nosos **grupos de interese**:

PERSOAL

**ENTIDADES
ASOCIADAS**

Públicas e privadas.

**COLECTIVOS
BENEFICIARIOS**

Xóvenes. Sector agrario
e forestal. Turismo.
Mar. Cultural. Sociais.
Persoas emprendedoras.
Empresas. Persoas
desempregadas.



AAPP

Xunta de Galicia.
Deputación de A Coruña.
AGADER. MAPAMA.

**COMUNIDADE
EDUCATIVA**

Centros docentes.
Universidade de A Coruña.
Universidade de Santiago
de Compostela.

**TECIDO
EMPRESARIAL**

Provedores.
Colaboradores.

COMUNIDADE RdB

MAPAMA.
Rede Galega RdB.
Rede Española RdB.

Ademais, a asociación como organización con entidade xurídica propia, conta cuns protocolos de actuación para minimizar os nosos impactos ambientais e sociais.

IMPACTO ECONÓMICO

A nosa entidade conta cuns protocolos de actuación en materia de compra sustentable, complementándose a valoración en termos de tempo, calidade e coste.

IMPACTO AMBIENTAL

A Asociación conta cuns principios de actuación responsables co medio ambiente, tratando sempre de mellorar o noso desempeño.

IMPACTO SOCIAL

A organización ten unha inquietude por involucrarse e impactar positivamente no territorio. Ademais apostamos polos nosos recursos humanos, creando un entorno onde o desenvolvemento persoal e profesional vaian da man.

2.1. IMPACTO ECONÓMICO: Impulsamos a economía local

Dende a Asociación impulsamos a contratación de empresas que estean comprometidas co territorio. A organización conta cun **protocolo de contratación** na que sempre, como mínimo, mediante o procedemento de negociado, pídense 3 orzamentos. As valoracións fanse en función dos criterios de **competitividade, en termos de prezo, tempo e calidade**.

2.2. IMPACTO AMBIENTAL: Coidamos a contorna

A Asociación conta cun local cedido polo Concello de Abegondo, onde desenvolvemos as nosas actividades. Esta é unha localización provisional pendente de traslado a un novo local onde as instalacións estean máis adaptadas a minimización de impactos ambientais (iluminación de baixo consumo, sistemas de calefacción máis eficientes... etc.). Aínda así, sempre tratando de mellorar o noso desempeño, desenvolvemos as seguintes accións:

- **Campañas de sensibilización sobre o consumo de auga a través de mensaxes a favor do aforro en todos os puntos de toma de auga das nosas instalacións.**
- **Aforro de enerxía calorífica a través da instalación de radiadores de baixo consumo.**

2.3. IMPACTO SOCIAL: Contribuímos a un mundo mellor

EMPREGO XUVENIL

A nosa aposta polo fomento do emprego xuvenil materialízase a través da firma de convenios de cooperación con entidades educativas para que poida o seu alumnado realizar prácticas con nós. Estes centros son o **CEIDA**, a **Escola de Finanzas**, a **Escola de Turismo** da Universidade de A Coruña ou a Universidade de Santiago de Compostela.

Tamén con entidades como **Cruz Vermella** para a colaboración en proxectos coma **Deseñando o teu futuro**, onde alumnado de bacharelato coñecen de primeira man o funcionamento de diversas entidades. En 2016, **dúas persoas** colaboraron con nós a través destas iniciativas.

Tamén puxemos en marcha dous contratos de mulleres a través do programa de Garantía Xuvenil, onde compatibilizaron formación con traballo.

LOXÍSTICA SOLIDARIA

Somos colaboradores da Fundación SEUR a través dos seus programas de **loxística solidaria**. Para elo recolleemos os tapóns de plástico que son enviados á Fundación para a súa xestión e reinvestimento nos seus programas de axuda á infancia máis desfavorecida.

An aerial photograph of a large, calm lake with a small island in the middle. The surrounding landscape is a mix of green fields, forests, and small settlements. The text is overlaid on the left side of the image.

3. ASÍ CUIDAMOS E VALORIZAMOS O NOSO TERRITORIO

As Reservas de Biosfera (RdB) son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar a conservación ambiental e o desenvolvemento socioeconómico sostible. O concepto Reserva de Biosfera implica non só resaltar os elementos naturais existentes, senón tamén, o desenvolvemento de formas de explotación sostible dos recursos.


A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abarca un total de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas), que representa o 14,33% da superficie da provincia de Coruña, repartidas en 17 concellos. Con esta superficie, é a segunda Reserva de Biosfera galega por orde de superficie, sendo a primeira da provincia de Coruña.

Os concellos que conforman a Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” son: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado. A poboación que reside en todos eles, destinataria final das nosas accións, é de 190.708 habitantes.

O noso modelo de traballo baséase no **Plan de Xestión 2013-2017**, que foi elaborado contando coa participación dos principais axentes do territorio e das entidades que participan na xestión e que teñen competencias na Reserva de Biosfera. A **visión** deste Plan céntrase en **fomentar a conservación do patrimonio natural e cultural** que identifica ao noso territorio, a través da compatibilización dos **usos e aproveitamentos sustentables da poboación local**, que permita a **mellora da calidade de vida dun modo sustentable**.


Ademais o noso Plan de Xestión 2013-2020, é a base para construír **o proceso participativo de deseño e elaboración da Estratexia Leader 2014-2020** para o territorio Mariñas Betanzos. Neste proceso constituímos diferentes mesas sectoriais nas que estarán representadas todas as nosas entidades asociadas. Con este enfoque participativo e colaborativo queremos conseguir unha estratexia de futuro integradora para o noso territorio.






3.1. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN, COOPERACIÓN E PARTICIPACIÓN

ACCIÓN	ACTUACIÓN
<i>Posta en marcha dos órganos de xestión</i>	• Creación e posta en marcha dos órganos de xestión.
<i>Estratexia de comunicación da RdB</i>	• Sinalización da identidade gráfica e corporativa. • Sinalización da RdB. • Deseño e elaboración de material divulgativo.
<i>Impulsar accións e compromisos de cooperación</i>	• Cooperación con RdB, a cidade de A Coruña e outros territorios.



A Asociación creou unha estrutura de xestión para a formulación, desenvolvemento e avaliación das estratexias, liñas de acción e programas da Reserva de Biosfera e, así, garantir o cumprimento dos obxectivos da UNESCO.

A NOSA ESTRUTURA DE GOBERNO



A NOSA COMUNICACIÓN

CO ENTORNO

A nosa principal canle de comunicación co entorno é a nosa **páxina web**, que recentemente foi renovada e que está adaptada a todos os dispositivos móbiles e contou cunha media de **33.780 visitas** durante o 2016. Esta web reformulouse en base á nova imaxe corporativa da Reserva de Biosfera, que foi deseñada de maneira participativa nunha convocatoria aberta na que recibimos **44 propostas**. De entre as 3 ideas finalistas, unha empresa especializada creou o noso logotipo; e posteriormente fixemos a web.

No noso desexo de estar sempre á vangarda, apostamos pola creación dunha **aplicación para móbiles** que permita facilitar a participación da cidadanía na Reserva de Biosfera. Nela pódese atopar información xeral sobre a RdB, consultar o catálogo de especies existentes no territorio, coñecer cales son as especies invasoras que están presentes na comarca, así como información sobre o noso patrimonio e elementos turísticos de interese. Esta **app** tivo **330 descargas** durante o 2016.



A nosa comunicación vese reforzada polos nosos **impactos en medios de comunicación**, que ascenderon a máis de **47 durante todo o 2016**. Destaca especialmente o especial do programa de radio **Voces de A Coruña** e as reportaxes na **TVG do programa O Agro**.

Descubre a nosa web: www.marinasbetanzos.gal

Ademais contamos con presenza en diferentes redes sociais porque queremos estar atentos ás demandas que xorden na nosa contorna, tendo un espazo específico para poder falar cos diferentes axentes sociais cos que interactuamos.



2.705 seguidores



804 seguidores



476 seguidores

PRESENZA NA COMARCA

Neste ano 2016 completamos un proceso de sinalización en toda a comarca onde instalamos **16 paneis en vías de comunicación** en base ao Sistema de Sinalización Turística Homologada nas Estradas Estatais (SISTHO) e **76 paneis informativos e direccionais** (de rutas) en base aos criterios establecidos pola Rede Española de Reservas da Biosfera.

SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN

Moitos dos nosos esforzos están dirixidos á posta en marcha de proxectos de sensibilización e divulgación sobre aspectos clave dentro dunha RdB, abertos a toda a cidadanía. Consideramos que esta é unha labor primordial xa que permite dar a coñecer os problemas socios-ecolóxicos e promover a acción da cidadanía a este respecto. Dentro destas actividades salientamos:

A elaboración de materiais didácticos

*Rutas e Camiños pola Biosfera.
Versión en galego e castelán.*

*Reserva de Biosfera Mariñas
Coruñesas e Terras de Betanzos.
Cuadríptico.*

*Rutas e recursos do territorio
declarado pola UNESCO Reserva
de Biosfera. Despregable para as
oficinas de turismo.*

*Guía de Produtores
Agroalimentarios da Reserva de
Biosfera Mariñas Coruñesas e
Terras do Mandeo.*



A organización de eventos e colaboracións

III Aniversario da RdBMCeTM, organizado co Concello de Sada		
Programouse no mes de maio un concurso de fotografía onde participaron 7 persoas e recibimos 14 imaxes gráficas de paisaxes da comarca.	En colaboración co CEIDA, organizamos unha xornada técnica á que asistiron 60 persoas e coa que se pretende axudar a divulgar os valores das distintas Reservas da Biosfera, así como a importancia do traballo colaborativo.	No concello de Sada organizamos unha exposición e exaltación de produtos da RdB onde participaron 14 produtores da contorna e participaron máis de 1.500 persoas.
Día da árbore 2016 Escolares de 17 concellos conmemoran esta data coa plantación de 522 árbores autóctonas cedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, contribuíndo ao fomento dunha cultura ambiental máis respectuosa co medio natural.	IV Mostra de Viños e Produtos das Mariñas 20 produtores ecolóxicos e 6 adegueiros de Viño da Terra de Betanzos, asistiron a esta mostra en Betanzos. Contouse coa participación de Beatriz Sotelo, cociñeira do Grupo Nove. Á Mostra asistiron máis de 3.000 persoas.	Receitas da Biosfera Iniciativa dirixida a potenciar o papel de protagonista que a gastronomía ten no marco das Reservas da Biosfera, debido a súa vinculación directa cos produtos e tradicións da contorna. Coas propostas dos 30 participantes elaboráronse 2 menús coas 8 receitas gañadoras. O obxectivo é que se oferten coma Menús da Biosfera nos restaurantes que levan o distintivo da Biosfera

Tamén colaboramos con outras actividades organizadas por outros colectivos como o **VI Trail Terras do Mandeo**, organizado polo comercio de Betanzos e ao que damos apoio loxístico e premios.

Accións e compromisos de cooperación a nivel rexional e autonómico

A nosa principal acción é o **programa de seguimento fenolóxico** que organizamos co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental da Universidade de A Coruña (CEIDA) e desenvolvemos en centros educativos e concellos das seis Reservas da Biosfera de Galicia. Na edición de 2016 colaboramos coas seguintes xornadas, organizadas polo CEIDA:

Febreiro 2016:

*Xornada As Aves na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. **55 asistentes.***

Curso de Introducción ao estudo dos ungulados.

Marzo 2016:

Xornada de Actuacións no litoral da Reserva de Biosfera Mariña Coruñesas e Terras do Mandeo.

Abril 2016:

Curso de Introducción ao estudo dos micromamíferos: manexo e metodoloxías prácticas.

Maio 2016:

Xornada Rede Mundial de Reservas da Biosfera: tendendo pontes. Xornada de conmemoración do III Aniversario da Reserva de Biosfera Mariña Coruñesas e Terras do Mandeo.

Xuño 2016:

*Xornada de seguimento fenolóxico na Reserva de Biosfera dos Ancares Lucenses e Terras do Miño. **25 asistentes.***

Xullo 2016:

Xornada de intercambio de experiencias con outros territorios rurais, en concreto, cos concellos que conforman o CEDER La Siberia (Extremadura).

A Reserva de Biosfera Mariña Coruñesas e Terras do Mandeo e o seu potencial turístico.

A noite dos morcegos.

Agosto 2016:

Curso de verán de Introducción ao estudo dos morcegos.

Outubro 2016:

*Xornada de seguimento fenolóxico na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. **25 asistentes.***

Novembro 2016:

Curso de Introducción ao estudo dos carnívoros: metodoloxías de mostraxe non invasivas.

a noite dos morcegos

SÁBADO 16 XULLO

Queres achegarte ao mundo dos morcegos?
Ven a coñecer onde viven, cales son as súas necesidades, que mitos e lendas agochan, que ameaza a súa existencia... e moito máis na Noite Europea de Morcegos!

Que faremos? Observaremos estas marabillas criaturas ao anoitecer, aprenderemos a escoitar e identificar a súa actividade, e capturaremos algúns exemplares para identificados en man e tomar datos biométricos e fisiolóxicos.

A quen vai dirixido? A actividade ten un carácter divulgativo, e está dirixida a todos os públicos.

Horario
20 a 00 h.

Lugar
Castelo e parque de Santa Cruz (Oleiros)

Inscripción
Actividade gratuíta
Prazas limitadas

Mais información
www.ceida.org
981 630 618



seguimento fenolóxico nas Reservas de Biosfera Galegas

MÉRCORES 26 OUT

Programa

- 11.00 - 12.00 h. Inauguración e presentación por parte do CEIDA do desenvolvemento do Programa de Seguimento Fenolóxico nas Reservas de Biosfera Galegas.
- 12.00 - 12.30 h. Pausa café.
- 12.30 - 14.00 h. Obradoiro formativo sobre o Programa de Seguimento Fenolóxico da Rede Española de Reservas de Biosfera. D. Francisco J. Cantos Mengs, Secretario do Comité Español do Programa MaB.

Lugar
Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

Inscripción
Actividade gratuíta
Prazas limitadas
www.ceida.org
981 630 618



Actuacións no litoral da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

XORNADA
Castelo de Santa Cruz (Oleiros) - 9 marzo 2016

PROGRAMA

A RÍA DO BURGO: UNHA OPORTUNIDADE MEDIOAMBIENTAL, SOCIAL E PEDAGÓGICA

10-10.15 h. Presentación
10.15-11 h. A ría do Burgo: historia dunha contaminación por metais. Ricardo Priego, Instituto de Investigacións Mariñas - CIC
11-11.45 h. As aves de O Burgo: o seu potencial no marco ambiental, social e pedagógico. Antonio Sandoval, escritor e comunicador ambiental.
11.45-12.15 h. Pausa -café
12.15-13 h. Exemplos en España:
• Undabai, Bizkaia; Undabai Bird Center
• Marismas de Azilera, Cantabria. Delegación Territorial de SGO-Biología en Cantabria
13-13.45 h. Mesa redonda: que futuro queremos para a ría? Modera Andrés Preciado, Catedrático en Xeografía, membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera MCTM.

O IMPACTO AMBIENTAL E SOCIAL DA REGENERACIÓN DA PRAIA DE SADA

16.30 - 17.15 h. A importancia das praias de Zoster. Verónica García, Grupo de Investigación BioCost, Universidade da Coruña
17.15 - 18 h. Oveiro do praia de Sada como espazo de interese ornitolóxico. Sergio París, Sociedade Galega de Ornitoloxía
18 - 18.30 h. Pausa -café
18.30 - 19.15 h. Os valores ambientais e sociais da praia de Sada e a súa consideración no proxecto de recuperación. Sergio París, Sociedade Galega de Ornitoloxía
19.15 - 20 h. Mesa redonda: é o recheo a solución para a praia de Sada? Modera Andrés Preciado, Catedrático en Xeografía, membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera MCTM.

INSERCIÓN Entrada de balde. Prazas limitadas por rigorosa orde de inscrición

www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



Rede Mundial de Reservas da Biosfera: Tendendo pontes

III ANIVERSARIO DA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

PROGRAMA

10 h. Inauguración
• D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación de Coruña
• D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor da UDC
• Dña. Ana IM Diaz López, Directora Xeral de Conservación da Natureza, Xunta de Galicia
• D. José A. Santos Miramontes, Presidente da Reserva da Biosfera MCTM

10.30 - 12.15 h. 40 ANOS DE PROGRAMA MAB. PERSPECTIVAS DE FUTURO.
Modera César Lugo Quiroga, Vicepresidente da Reserva da Biosfera MCTM. Alcalde de Pademe

• O Plan de Acción de Liza, resultados do 4º Congreso Mundial das Reservas de Biosfera. D. Sergio Guzmán Sada, Presidente do Consello Internacional de Coordinación do Programa MAB
• O Programa MAB e as Reservas de Biosfera en España. D. Francisco J. Cantos Mengs, Xefe da Área de Relacións Internacionais e Reservas de Biosfera, Organismo Autónomo Parques Nacionais
• REDBIO: Rede de Reservas de Biosfera do Atlántico Este e o Macizo de D. Antonio San Blas Álvarez, Xefe da Reserva da Biosfera de La Palma, Illas Canarias

12-12.30 h. Pausa

12.30 - 14 h. AVANZANDO NOS PLANES DE ACCIÓN MEDIANTE AS REDES DE RESERVAS
Modera: Francisco J. Santos Mengs, Catedrático de Dereito Administrativo da UDC. Membro do Comité Científico da Reserva da Biosfera MCTM

• A Rede de Reservas de Biosfera Mediterránea. Dña. Joana Barber Rosado, Xestora da Reserva da Biosfera de Montseny, Presidente do Consello da Xestora da Rede das Reservas de Biosfera Mediterránea
• A Rede Mundial de Reservas da Biosfera Illas e Zonas Costeiras. D. Javier Ares García, Conselleiro de Medio Ambiente e Reserva da Biosfera de Menorca
• As Reservas de Biosfera de Galicia e do Biorredoxión Atlántico Ibérico. D. Pablo Ramil Rego, Secretario do Consello Científico do Comité Español do Programa MAB da UNESCO

Clausura
• D. Angel García Seoane, Alcalde de Oleiros
• D. Juan A. López Jaime, Presidente do Comité Español da Unión Internacional de Conservación de la Naturaleza (IUCN)
• D. José A. Santos Miramontes, Presidente da Reserva da Biosfera MCTM
• Dña. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Xunta de Galicia, Presidenta do CEIDA

www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



introdución ao estudo dos morcegos

curso verán

OBJECTIVOS
O curso introduce ao mundo das diversas metodoloxías utilizadas para o estudo de quipáters. O coñecemento destas ferramentas é fundamental para abordar calquera estudo ou seguimento ambiental que inclúa estas especies.

DESTINADO A
Profesionais do medio, estudantes e titulados en disciplinas afíns, así como público xeral interesado. Non son necesarios coñecementos previos.

METODOLOGÍA
O curso abordase desde unha perspectiva eminentemente práctica apoiada nunha exposición de conflitos teóricos. Será o alumnado quen tome o papel activo a través das ferramentas, materiais e equipos necesarios para o estudo dos quipáters.

IMPORTE
Xosé Parado, Adrián Lamosa
www.biolam.org

HORARIO E LUGAR
20 h. de duración
• Venres 5 de 19 a 1 h. Aula de Naturaleza de Chelo
• Sábado 6 de 10 a 1 h. Castelo de Santa Cruz e Aula de Naturaleza de Chelo
• Domingo 7 de 10 a 15 h. Aula de Naturaleza de Chelo

INSERCIÓN
95 €
Prazas limitadas



curso de introdución ao estudo dos ungulados

Castelo de Santa Cruz (Oleiros) 25 - 27 febreiro 2016

OBJECTIVOS
Ser a colección de especies de ungulados presentes en Galicia e o seu papel ecolóxico no medio, así como dotar aos alumnos/as dunhas competencias básicas nas metodoloxías de monitorización, e na identificación dos rastros destes animais de cara á súa aplicación en estudos científicos ou técnicos.

DESTINADO A
Profesionais do medio, estudantes e titulados en disciplinas afíns, así como público xeral interesado. Non son necesarios coñecementos previos.

METODOLOGÍA
O curso abordase desde unha perspectiva eminentemente práctica apoiada nunha exposición de conflitos teóricos. Será o alumnado quen tome o papel activo a través das ferramentas, materiais e equipos necesarios para o estudo dos ungulados.

IMPORTE
Xosé Parado, Adrián Lamosa, Martín Pérez
www.biolam.org

HORARIO
20 h. de duración
• Xoves 25 e venres 26: 16 - 20 h.
• Sábado 27: 9 - 21 h.

LUGAR
• Xoves 25 e venres 26: Castelo de Santa Cruz, Oleiros
• Sábado 27: Aula de Naturaleza de Chelo (Coruña) e do Mandeo

INSERCIÓN
95 €
Prazas limitadas

Mais información: www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



as aves na reserva da biosfera

Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Ciclo de Xornadas nas Reservas da Biosfera de Galicia
Castelo de Santa Cruz (Oleiros) / 26 - 27 febreiro 2016

PROGRAMA

VENRES 26
16-16.45 h. Mapa da observación de aves na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, cando e onde. Sergio París
16.45-17.30 h. Oportunidades para o turismo ornitolóxico en Galicia e na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Antonio Sandoval

SÁBADO 27
9.30-14 h. Coñecendo e contando especies. Monitorización ornitolóxica colaborativa na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

OBJECTIVOS
Xornada divulgativa dirixida ao público en xeral interesado en coñecer o mundo da ornitoloxía, facendo especial énfase na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

METODOLOGÍA
A xornada desenvólvese desde unha perspectiva eminentemente práctica apoiada nunha exposición de conflitos teóricos. As actividades se realicearán en cada unha das reservas da biosfera galegas, prestando especial atención á observación e contagem das aves máis características de cada unha delas.

INSERCIÓN
• 10 €
• Prazas limitadas por rigorosa orde de inscrición



A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e o seu potencial turístico

Castelo de Santa Cruz (Oleiros) 14 xullo 2016

PROGRAMA

09.30 - 10 h. Recepción de participantes e inauguración
• D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación de Coruña

As Reservas de Biosfera como produto de excelencia turística. D. Mario Cercante, Profesor da Escola Superior de Turismo da Universidade de Coruña

10.30 - 12.30 h. BLOQUE I
O PATRIMONIO NATURAL COMO RECURSO AO SERVIZO DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO
Modera: D. Jorge Blanco Ballón, Xefe da Reserva da Biosfera MCTM

• O patrimonio natural e ambiental das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. D. Juan Ramón Vidal Roman, Catedrático de Xeoloxía da UDC e Presidente da Sección de Química e Xeoloxía da Real Academia Galega de Ciencias
• O patrimonio biolóxico da Reserva da Biosfera MCTM e o seu potencial para o turismo. D. Antonio Sandoval Rey, Experto en Comunicación Ambiental

12.00 - 12.30 Pausa

12.30 - 14 h. BLOQUE II
O TURISMO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E NO MANDEO COMO OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO
Modera: D. Carlos Rodríguez Carro, Secretario Académico do Centro Español de Novas Profesións, Escola Universitaria de Turismo de A Coruña

• Os recursos gastronómicos do territorio da Reserva da Biosfera MCTM. D. Luis Padín, Director da Guía de Vinos, Destinos e Bologos de Galicia e Presidente da Asociación de Sumilleiros Galegos
• O patrimonio material e inmaterial das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. D. Alfredo Eiras, Director do Museo das Mariñas e da Revista Anuario Brigantino
• Os protagonistas da ciencia nas Mariñas Coruñesas e no Mandeo. D. José A. Fraga, Ex-director dos Museos Científicos Coruñeses, Doutor en Bioloxía e Membro da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello de Cultura Galega

14 h. Clausura
• D. Xosé Regueira Varela Deputado de Cultura, Turismo e do Patrimonio Histórico-artístico da Deputación da Coruña
• D. José A. Santos Miramontes, Presidente da Reserva da Biosfera MCTM

Mais información: www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



Ademais do CEIDA, colaboramos activamente con outras organizacións do noso territorio, sempre a través da liña vehicular de promoción e conservación do noso patrimonio natural e cultural:

<i>Cooperación con Grupo Naturalista Hábitat</i> • Especie do ano • Maratón ornitológico	<i>Fundación Fragas do Mandeo</i> • Semana da Custodia do territorio	<i>Fundación Juana de Vega</i> • Formación de marketing e acceso a mercados para produtores agroalimentarios (Rede Eusumo)
<i>Formamos parte de:</i> • Rede Española de Reservas de Biosfera. • Grupo de Traballo de Economía Social dentro da Rede Española de Reservas de Biosfera. • Rede Mundial de Illas e Zonas Costeiras. • Rede IberoMaB.	<i>A Asociación Mariñas-Betanzos ten a presidencia da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.</i>	<i>Desde a Asociación Mariñas-Betanzos tamén se conta coa colaboración do CFEA de Guísamo e CIAM:</i> • Organización de xornadas e formación. • Grupos Operativos (CIAM) e transferencia tecnolóxica.

3.2. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO

ACCIÓN	ACTUACIÓN
<i>Emprego verde</i>	• Fomento do emprego e o emprendemento sustentable. • Fomento da construción natural.
<i>Responsabilidade Social Empresarial</i>	• Programa de responsabilidade social empresarial asociado á RB • Colaboración coa Cátedra de RSC da UDC-Inditex, desenvolvendo o alumnado como traballo de fin de curso un programa de RSC asociado á RB
<i>Adaptación ao cambio climático e a súa mitigación</i>	• Promoción do aforro e a eficiencia enerxética e utilización das enerxías renovables. • Establecemento de colaboracións con outros organismos e Reservas para a divulgación e cooperación na adaptación ao cambio climático



FOMENTAMOS O

EMPRENDEMENTO SUSTENTABLE

A través do **programa BIO-EMPRENDE** formamos a **75 persoas** dos concellos pertencentes á nosa Reserva en temáticas vinculadas ao medio rural, cun enfoque posto no aproveitamento sustentable dos recursos locais. Así, reciben cursos teóricos prácticos en explotacións e industrias agroalimentarias, visitan experiencias demostrativas, reciben unha tutorización práctica dos seus proxectos e aprenden a traballar en grupo cos seus compañeiros e outros axentes locais.



APOIAMOS A ECONOMÍA SOCIAL

Como asociación que somos, estamos moi orgullosos de pertencer á economía social galega. Somos membros da **Rede Eusumo**, unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

Todos os anos organizamos un curso de formación para potenciar a posta en marcha de iniciativas de economía social, a través da fórmula cooperativa, vinculadas ao eido agroalimentario. En 2016, impartimos o curso sobre **Marketing e diferenciación, acceso a mercados e cooperativismo no sector agroalimentario** que contou cunha asistencia de **20 persoas**.

Neste ano impulsamos un **convenio con Microbank**, banco social de “La Caixa”, para que as persoas emprendedoras da RdB poidan acceder a un **microcrédito**. Este novo modelo de banca social ofrece unha oportunidade de financiamento para a posta en marcha de pequenas iniciativas emprendedoras e a creación de emprego.



3.3. SUSTENTABILIDADE DO MEDIO RURAL E DO MEDIO MARIÑO, PRODUCCIÓN E SERVIZOS



ACCIÓN	ACTUACIÓN
<i>Mellora da calidade de vida das poboacións</i>	• Difusión de boas prácticas para o saneamento e depuración integral de núcleos de poboación rural, o abastecemento de auga e sensibilización para o consumo racional de auga.
<i>Fomento de prácticas agrogandeiras sustentables</i>	• Mellora da xestión de terras en cooperativas agrarias (Grupo Operativo de Innovación Agraria) • Agricultura de proximidade e comercialización a través de circuitos curtos, asociada á Marca da RB • Formación e asesoramento para o fomento da agricultura ecolóxica. • Mellora na xestión de residuos de porcino e a súa valorización agraria (Grupo Operativo de Innovación Agraria)
<i>Fomento de prácticas forestais sustentables</i>	• Incentivación e difusión da certificación forestal, das boas prácticas forestais e da cultura forestal asociativa e fomento das actuacións de sustentabilidade das plantacións produtoras de especies autóctonas..

PROMOVEMOS A AGRICULTURA SUSTENTABLE

Os nosos esforzos están dirixidos á colaboración na organización de eventos de difusión sobre as vantaxes que ten para a nosa contorna as actividades económicas vinculadas á agricultura sustentable.

Mostra do Branco Lexítimo. Xullo 2016

Colaboramos co concello de Paderne nesta actividade dirixida ao coñecemento do viño elaborado coa variedade “Branco Lexítimo”, á que asistiron 1.200 persoas.



Festa do Pan de Carral. Maio 2016

Celebración na que os produtos gastronómicos se unen con outras actividades culturais, ligando historia, música tradicional e festa. 2.000 persoas.



Feira agroalimentaria de Abegondo. Outubro 2016

Exposición e cata de disintas variedades de mazá e sidra. 1.000 persoas.



Tamén estamos presentes noutras actividades como a **IV Mostra de Produtos das Mariñas** ou na **Mostra de produtos da RB en Sada**

Un dos proxectos máis innovadores no que estamos traballando cos produtores locais é o dos **menús ecolóxicos** en colexios da Reserva de Biosfera. Esta iniciativa vinculada ao **Plan Alimentario da Reserva de Biosfera** pretende estimular o coñecemento e a demanda de produtos ecolóxico no noso ámbito local. Con esta actividade chegamos tanto á cidadanía como aos propios produtores do territorio, animando a súa integración na marca de produtos da RdB.

Tamén traballamos na organización de **actividades formativas sobre agricultura sustentable**. Entre as actividades desenvolvidas ao longo deste ano, salientamos o **curso de plantación e produción de horticultura ecolóxica nos hortos urbanos de Culleredo** ou o **III obradoiro de agricultura ecolóxica da Reserva de Biosfera**, onde participaron preto de 50 persoas.

A RDB E OS MÁIS PEQUENOS

Dende a Asociación impulsamos actividades coas rapazas e rapaces que viven na nosa contorna para transmitirles a importancia de vivir nun entorno natural privilexiado como é unha RdB e achegándolles o mundo rural e os coñecementos tradicionais, a través de diferentes actividades de sensibilización e divulgación. En 2016 participamos nas actividades dos **campamentos urbanos de Culleredo**, onde asistiron 275 nenas e nenos.



A INNOVACIÓN RURAL COMO APOSTA DE FUTURO

Estamos convencidos de que a **innovación no medio rural** é unha das formas máis eficientes de crear riqueza no entorno. Por iso, traballamos na conformación de **Grupos Operativos de Innovación (GOI)**, que son estruturas mixtas onde universidades, centros de investigación agraria, organizacións de agricultores e entidades do rural traballamos a prol de proxectos que melloren a sustentabilidade do medio natural. Na actualidade están constituídos dous Grupos Operativos:

- GOI. Deseño de ferramentas para minimizar o impacto sobre o medio natural nas aplicacións de xurro de explotacións de porcino.
- GOI. Deseño dunha aplicación informática para a mellora da xestión de terras nas cooperativas gandeiras (2016-2017).

Ademais, colaboramos coa a **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común O Raño, en Irixoa**, na organización de xornadas para o fomento de prácticas forestais sustentables e plantación de especies autóctonas como:

Xornada sobre aproveitamentos forestais Monte Raño. Xaneiro 2016

Dirixida a identificar e coñecer actividades complementarias ao aproveitamento madeireiro.
28 asistentes

Xornada práctica sobre cultivo de cogomelos en madeira de carballo. Xaneiro 2016

Formación teórico-práctica baseada na técnica de inocular troncos de carballo. Esta xornada contou con **25 asistentes**.

Fin de semana micolóxico no Monte Raño. Outubro 2016

Combinando relatorios técnicos para a identificación de especies micolóxicas e saídas ao campo para a recolección de especies. Asistiron **25 persoas**.



MEDIO MARIÑO

Participamos no deseño das estratexias dos dous G.A.L.P.s que temos na Reserva de Biosfera, participando nas mesas de traballo.

O TURISMO SUSTENTABLE

A Asociación ten apostado pola realización dun plan turístico sustentable como alternativa de futuro para o desenvolvemento socioeconómico da mesma. Por isto, e tras varios meses de traballo, lanzamos o proxecto de adhesión da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ao **Club de Produto Turístico Reservas da Biosfera**. A solicitude xa está rexistrada e esperamos realizar o lanzamento oficial en 2017.

Isto permitirá integrar aos diferentes servizos e produtos turísticos en torno a un proxecto común, ademais de ofertar novas experiencias e servizos aos turistas, ligados á figura da Reserva de Biosfera.

Adicionalmente, colaboramos coa **Escola Universitaria de Turismo da Universidade de A Coruña** para pór en valor a oferta turística da RdB, dando a coñecer ao alumnado o potencial para a posta en marcha de empresas turísticas que se adhiran ao Club. No marco deste acordo de colaboración organizamos dúas xornadas de visita con **100 alumnas/os** da Escola aos espazos naturais da RdB para a comprensión da importancia do coidado do noso patrimonio natural.

Tamén, en xullo de 2016, en colaboración co CEIDA organizamos a **xornada Reserva de Biosfera e o seu potencial turístico** compartindo, cos **55 participantes**, temas como a riqueza biolóxica e xeolóxica do territorio, a calidade dos produtos da terra...etc.

Desde a Asociación Mariñas-Betanzos traballárase no lanzamento e posta en marcha da Ruta do Impresionismo.



3.4. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES

ACCIÓN	ACTUACIÓN
Utilizar a Reserva como lugar de investigación	• Escola de Naturalistas na Reserva de Biosfera. • Mapa da biodiversidade da Reserva de Biosfera.
Emprego da Reserva como fonte de aprendizaxe	• Programa de formación en prácticas produtivas sustentables. • Reforzar as capacidades locais. • Posta en marcha das Xornadas da Auga. • Investigación e coñecemento..

Neste ano comezamos a nosa relación coa UICN (**Unión Internacional de Conservación da Natureza**), unha rede composta por Estados soberanos, axencias gubernamentais e organizacións da sociedade civil. É a rede ambiental máis grande do mundo e unha autoridade en canto ao estado da natureza e os recursos naturais, así como as medidas necesarias para protexelos. A Asociación iniciou as conversas que se materializarían, posteriormente, na súa adhesión como **membro da UICN**.



ESCOLA DE NATURALISTAS DA RESERVA DE BIOSFERA

Xestionada polo Grupo Naturalista Hábitat, durante todo o ano 2016, tivo lugar unha nova actividade chamada Escola de Naturalistas dirixida a mellorar o coñecemento e a divulgación de especies e hábitats que conforman a Reserva de Biosfera.

Participaron durante 12 meses **25 persoas**.



ESPECIE DO ANO 2016 NA RESERVA DE BIOSFERA: A VACALOURA

Vacaloura, escornaboís ou aforcapitos, así é coma comunmente se coñece á *Lucanus Cervus* (Linnaeus 1758), o escaravello máis grande de Europa. Dende a RdB en colaboración co Grupo Naturalista Hábitat promovemos esta conmemoración co obxectivo de afondar no coñecemento de diferentes especies autóctonas da nosa terra. En anteriores edicións, a especie do ano recaeu no Gato Bravo (2014) e na Saramaganta (2015).

No mes de setembro, na Aula Juan Lembeye de Culleredo, tivo lugar a **xornada sobre a vacaloura**, onde **25 persoas** coñeceron en profundidade esta especie, o conxunto da orde dos coleópteros e a súa relevancia no noso medio natural. A información está dispoñible na nosa web, no apartado de [Biodiversidade](#).

Como materiais de difusión editáronse **250 exemplares** dun tríptico informativo sobre a especie do ano e **300 unidades de bolsas promocionais**.



MARATÓN ORNITOLÓXICO NA RESERVA DE BIOSFERA

Esta iniciativa prográmase como unha actividade lúdica dirixida a identificar por equipos o maior número posible de especies de aves silvestres dentro de cada un dos municipios da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, nun tempo determinado (18 horas). Con esta actividade buscamos achegar o avistamento e a identificación de aves ao público xeral, poñendo en valor os atractivos naturais da comarca.

A actividade organizada en colaboración co Grupo Naturalista Hábitat e máis entidades, participaron **14 equipos** noutros tantos concellos diferentes, cun total de **36 persoas observadoras**. O equipo gañador avistou un total de **63 especies**.



CUSTODIA DO TERRITORIO

Como Asociación xestora da RdB apoiamos as actividades a prol da **custodia do territorio**, ferramenta para a xestión de territorio que axuda ás organizacións sociais e ambientais a conservar a diversidade biolóxica, a paisaxe e o patrimonio cultural de espazos públicos e privados.

Para dar a coñecer este instrumento organizamos, en colaboración coa Fundación Fragas do Mandeo, a **V Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**, que conta con diversas conferencias e actividades de voluntariado ambiental. Nesta edición centrámonos en coñecer as posibilidades de converter espazos degradados en humedais protexidos con fauna local e en identificar a enorme variedade de árbores autóctonos cos que repoboar as fragas e bosques de ribeira.

Unhas 60 persoas achegáronse ata as actividades da semana de custodia do territorio, que contaban con expertos do Centro Superior de Investigacións Científicas e da Universidade de Santiago de Compostela.



PROGRAMA DE EMPRENDEMENTO ESCOLAR

Colaboramos co Concello de Abegondo, en calidade de asesores científicos, na iniciativa para a posta en marcha e desenvolvemento dunha actividade emprendedora en base a un recurso local, a Galiña Piñeira. O alumnado desenvolveu toda unha serie de actividades encamiñadas ao deseño dun plan de empresa para a explotación da Galiña Piñeira, unha raza autóctona que estivo a piques de desaparecer. Trátase dunha especie de galiña das máis poñedoras das razas galegas e moi valorada tamén pola súa carne.

Neste programa participaron **40 estudantes** de 4º ESO.

INVESTIGACIÓN E UNIVERSIDADE

A Asociación aliouse con entidades relevantes de investigación para a realización de actividades de alto impacto científico:

- Nas XXV Xornadas Internacionais de fitosocioloxía e II Congreso da Sociedade Española de Xeobotánica, presentouse a publicación da guía Vexetación natural na conca do río Mandeo: Tramo Curtis-Betanzos ante os **125 asistentes, que puideron facer unha visita polas áreas de maior interese ambiental.**
- Acompañamos as prácticas de 4 estudantes da Universidade Autónoma de Chapingo, dentro do seu programa científico no CEIDA.

3.5. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS



ACCIÓN	ACTUACIÓN
<i>Mantemento, restauración e recuperación dos hábitats e especies</i>	- Protección, conservación e restauración dos ecosistemas e hábitats naturais prioritarios e das especies de interese da Reserva. - Identificación e restauración doutros hábitats naturais non estudados e promoción da creación de novos espazos protexidos.
<i>Erradicación e control de especies invasoras</i>	Deseño, posta en marcha e desenvolvemento dun programa de control e prevención de especies invasoras na Reserva de Biosfera.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Dende a Asociación estamos convencidos da necesidade de pór a **participación e a educación ambiental ao servizo da conservación da biodiversidade**. Por iso empregamos a RdB como lugar de aprendizaxe, intercambio de experiencias e posta en marcha de actividades innovadoras de educación ambiental, tanto formal coma non formal. Dentro do programa de educación ambiental 2016 desenvolvimos:

- Xornadas de educación ambiental nos centros escolares de Culleredo.
- Visitas ao Observatorio do Souto por parte das escolas unitarias de Paderne.
- Visitas a Chelo por parte dun colexio de A Coruña.

Ademais, co noso colaborador Grupo Naturalista Hábitat, impulsamos a xornada de contacto coa natureza, para a posta en marcha de diferentes iniciativas dirixidas á mellora da biodiversidade agraria no Centro de Investigacións Agrarias de Abegondo.



VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Participamos na **xornada de voluntariado ambiental corporativo** promovida pola **Fundación Biodiversidade** e dirixida a persoal de **Decathlon España**. Nela fomos as persoas encargadas de dirixir e coordinar a actividade, explicando a problemática das especies invasoras, en concreto da herba da Pampa (*Cortadeira selloana*). Tamén realizamos actividades para o seu control ao longo do río Mero.



STOP ESPECIES INVASORAS


Invertemos moitos esforzos no control e prevención de especies exóticas invasoras. Entre as actividades que promovemos están a limpeza de terreos e reforestación con especies autóctonas. En 2016, no concello de Miño, plantamos **100 árbores** en colaboración co CPI Castro Baxoi ao carón do Rego de Andel.



APOIO DECLARACIÓN ENIL NO TERRITORIO

Desde a Reserva de Biosfera se ten colaborado con algún dos Concellos do territorio, co obxectivo de promover a declaración de Espazos Naturais de Interese Local.

Entre os Espazos Naturais de Interese Local declarados podemos destacar o Entorno do Río Abelleira, no termo municipal de Carral, así como Ribeiras do Mero-Barcés en Abegondo.



4. RESULTADOS ECONÓMICOS




Resumo da nosa conta de resultados correspondentes ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2016

OS NÓSOS INGRESOS

	2016		2015	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Actividade propia	22.776,78€	7%	38.467,82€	11%
Ingresos financeiros	7,06€	0%	22,19€	0%
Convenio co CEIDA	25.000,00€	80%	---	---
Subvencións traspasadas ao excedente de exercicio de gastos de funcionamento	248.906,09€	80%	311.058,15€	88%
Subvencións de capital traspasadas ao excedente do exercicio	14.600,61€	5%	4.875,68€	1%
TOTAL	311.290,54 €	100%	354.423,84 €	100%

Gran parte dos nosos ingresos provén das colaboracións que temos coas diferentes administracións públicas:




OS NOSOS GASTOS

	2016		2015	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Amortizacións	17.162,26€	5%	5.628,84€	2%
Gastos de persoal	147.754,34€	45%	204.423,44€	58%
Outros gastos da actividade*	158.823,25€	49%	140.699,40€	40%
Gastos financeiros	3.265,34€	1%	2.728,10€	1%
TOTAL	327.005,19 €	100%	353.479,78 €	100%

* Inclúen gastos asociados aos proxectos desenvoltos (Grupos Operativos de Innovación, Programa Integrado para o Emprego 2015-2016, Rede Eusuma, Iniciativa Xove, Programa FOENNA Deputación da Coruña, Candidatura LEADER 2014-2020).



5. ESPERAMOS AS TÚAS SUXESTIÓN




Calquera opinión ou comentario en relación a esta memoria ou a calquera outra temática vinculada co traballo da Asociación é máis que benvido! Podes escribirnos ao enderezo electrónico info@marinasbetanzos.gal ou pasar a facernos unha visita por:

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos

San Marcos, s/n (Antiga Cámara
Agraria, 1º andar)

CP 15318

Abegondo, A Coruña







ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO
RURAL MARIÑAS-BETANZOS

Memoria Anual 2016